

O novo contrato da cafetería do complexo Dunas de Gaifar pasará dun canon de 8 mil euros anuais a un

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 09 Xaneiro 2016 13:28



O prazo de presentación de ofertas abre hoxe e consta de 15 días naturais

O Concello considera o novo importe "máis axeitado á realidade da instalación e beneficioso para as arcas municipais".

O Concello de Nigrán abre hoxe, trala súa publicación onte no Boletín Oficial da Provincia (BOP), o prazo para a contratación da xestión da cafetería do complexo deportivo municipal "Dunas de Gaifar", [que vence próximamente](#).

A principal novidade é a subida do cánon anual de 8.000 euros aos 22.500 euros que se establecen agora como mínimo. O Concello considera este novo importe "máis axeitado á realidade da instalación e beneficioso para as arcas municipais, e, por ende, para tódolos veciños."

Por outra banda, o prazo máximo de duración do contrato será de catro anos e non poderá ser prorrogado. Paralelamente, establécese unha fianza provisional de 4.000 euros (será devolta á empresa unha vez adxudicado o contrato) e unha definitiva de 10.000 euros. As bases están tamén publicadas na web do Concello.